

Código do documento USG16I02Q5	Código do expediente USG/2022/141
Código de Verificación Electrónica (COVE)  5N65 591A 0X5D 0K13 0RYB	

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE CULLEREDO DO DÍA 17 DE AGOSTO DE 2022.

ASISTENTES:

Presidente:

D. José Ramón Rioboo Castro

Concelleiros/as:

D.^a María Guadalupe Pombo Carril
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D. Carlos Liñares Gestal
D.^a Marta M^a Iglesias Becerra
D. Abraham Seijas González
D.^a Jéssica Méndez Sánchez

Non asiste:

D.^a Marta M^a Figueroa Fuentes

Interventora municipal:

D.^a Sonia Corral Corral

Secretaria municipal:

D.^a Ana Ramos Ramos

Na sala de sesións da Casa do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as dez horas e trinta minutos do día dezasete de agosto de dous mil vinte e dous, xúntanse en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, as persoas membro designadas pola Alcaldía-Presidencia para integrar a Xunta de Goberno Local, relacionadas na marxe, baixo a presidencia do Sr. alcalde D. José Ramón Rioboo Castro.

C.I.F. P-1503100-H

A Presidencia, abre a sesión, pasándose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

1.- RATIFICACIÓN CAMBIO DE HORA E DÍA NA CELEBRACIÓN DA SESIÓN ORDINARIA.

A secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA ALCALDÍA

Na sesión plenaria extraordinaria de data 2 de xullo de 2019 acordouse a periodicidade das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local que se realizarán os luns ás 13.30 horas e, no suposto de que o día prefixado coincida con festivo, celebrarase sesión, co mesmo carácter de ordinaria, o día hábil inmediatamente anterior á mesma hora.

Por mor da organización das vacacións estivais dos distintos departamentos e áreas, a Alcaldía vese na obriga de modificar os días e horas dos órganos colexiados,

Por todo o exposto anteriormente, PROPONSE:

A ratificación do cambio de hora e día da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 12 de agosto de 2022 que pasará a realizarse o día 17 de agosto de 2022 debido ao exposto anteriormente."

Sen intervencións, sométense a votación a proposta de acordo, quedando ADOPTADO por UNANIMIDADE, das persoas presentes, o ACORDO seguinte:

A ratificación do cambio de hora e día da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 12 de agosto de 2022 que pasará a realizarse o día 17 de agosto de 2022 debido ao exposto anteriormente.

Código do documento	Código do expediente
USG16I02Q5	USG/2022/141
Código de Verificación Electrónica (COVE)	 5N65 591A 0X5D 0K13 0RYB

2.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR. -ORDINARIA DE 09/08/2022.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004), a Presidencia pregunta se existe algúnsa obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 9 de agosto de 2022, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por seis votos a favor (dos/as Sres./as concelleiros/as, Pombo Carril, Iglesias Lovelle, Liñares Gestal, Iglesias Becerra, Seijas González e Méndez Sánchez) e coa abstención do Sr. alcalde, Rioboo Castro, o cal manifesta que se abstén por non ter asistido á sesión á que se refire a acta.

Á vista do resultado da votación, declarase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 9 de agosto de 2022.

3.- PROPOSTA RELATIVA Á APROBACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO COMPLEMENTARIA PARA O ANO 2021, NA QUE SE INCLÚA UNHA PRAZA DE PROFESOR/A DE FRAUTA (PERSOAL LABORAL).

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local a proposta do xefe do gabinete técnico asinada polo alcalde en data 11 de agosto de 2022 (código de documento UPO16I01LP), relativa á aprobación da oferta de emprego público complementaria para o ano 2021 na que se inclúa unha praza de profesor/a de frauta (persoal laboral), que transcrita di:

“INFORME-PROPOSTA

ANTECEDENTES

1. O posto de traballo de Profesor/a frauta do Conservatorio Profesional de Música (código CE.4.1.08 da Relación de Postos de Traballo) atópase vacante por excedencia por interés particular da titular do posto.
2. O posto, ocupado mediante proceso de listas de substitución, quedou valeiro por execución da Sentenza do Xulgado contencioso administrativo número 1 de A Coruña, sentenza número 00154/2021 en procedemento abreviado 1/2021, de data 20 de setembro do 2021, téndose que extinguir o contrato en vigor.
3. Posteriormente, con data 13 de abril de 2022 o director do Conservatorio Profesional de Música do Concello de Culleredo, coa conformidade do xefe de Servizo de Cultura e Educación e da concelleira delegada de Cultura, asinaron escrito, Código documento núm. UCO16I0014, polo que solicitan profesor de frauta dende o 30 de abril para cubrir a carga de traballo de dita plaza, ante a extinción do contrato da profesora desa especialidade (por cumprimento da citada sentenza do Xulgado contencioso administrativo nº1 de A Coruña).
4. Convocado proceso para a elaboración de novas listas de substitución de profesor/a de música do Concello de Culleredo nas especialidades de acordeón/piano, canto, clarinete, composición, frauta, guitarra, percusión, piano, trompeta, violín e violonchelo (persoal laboral temporal), por resolución da Concelleira de seguridade ciadá e persoal de data 10/05/2022 contratouse a unha profesora profesora de música do Conservatorio Profesional de Música do Concello de Culleredo, na especialidade de frauta, como persoal laboral temporal cun contrato de duración determinada a tempo parcial, 11,5 horas semanais, durante o proceso de selección ou promoción para a cobertura definitiva mediante contrato fixo, sen que a súa duración poida ser neste caso superior a tres meses, ao abeiro do disposto no artigo 15.3 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto dos traballadores; e no apartado catro do artigo 20, de carácter básico da Lei 22/2021, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2022, ao considerarse que para tal contratación se daban os condicionantes de necesidade, urxencia e inaprazabilidade da contratación.
5. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria celebrada o día 9 de decembro de 2021, aprobou a oferta de emprego público para o ano 2021 e aprobación da oferta de emprego público complementaria para o ano 2021, publicándose no Boletín Oficial da Provincia o día 22 de decembro de 2021, BOP número 242. En sesión da Xunta

C.I.F.P-1503100-H



Código do documento	Código do expediente
USG16I02Q5	USG/2022/141
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	5N65 591A 0X5D 0K13 0RYB

de Goberno Local celebrada o dous de xuño de dous mil vinte adoptouse o acordo de proceder coa corrección dun erro material detectado na OPE do ano 2021.

CONSIDERACIÓN

Mediante resolución da Concellera de seguridade cidadá e persoal de data 10/05/2022, o Concello adquiriu a obriga de convocar o proceso de selección ou promoción para a cobertura definitiva mediante contrato fixo, da praza de profesor/a do conservatorio de música, especialidade frauta, tendo en conta ademais que debe prestarse o servizo aos usuarios/as ao inicio do curso, ou cando menos, co menor prexuízo para eles, o que reviste o proceso dun claro carácter de urxencia, dada as datas nas que nos atopamos, e tendo en consideración ademais, que as carencias de persoal no servizo de persoal e organización, así como a alta carga de traballo e o período estival, fixeron imposible o inicio do expediente con anterioridade.

Esta resolución pola que se resolveu a urxente necesidade de contratar persoal no mes de maio de 2022 imposibilita unha nova contratación temporal co mesmo obxecto, todo elo en cumprimento do disposto no artigo 15.3 do ET, no que se baseou a contratación.

Debe significarse que no Conservatorio Profesional de Música deste Concello impártense os ensinos elementais e os ensinos profesionais de música de acordo co marco normativo definido pola lei orgánica 2/2006, e que se trata dun sector prioritario, o ensino.

Debe terse en conta tamén a recomendación do Valedor do Pobo en escrito do 05/01/2015 (Rexistro de entrada 2015/148) relativo á queixa presentada pola presidenta do ANPA do Conservatorio Profesional de Música, emitiu a seguinte recomendación: *"Que se adopten as medidas necesarias polo concello de Culleredo a fin de garantir a substitución mediante contratacóns temporais do xeito máis áxil posible, nos casos de baixas ou ausencias do profesorado titular do Conservatorio Profesional de Música, minimizando o impacto negativo na formación dos alumnos que con tales situación se xeran".*

C.I.F.P-1503100-H

Por outra banda, debe terse presente o disposto no artigo 70.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público "Las necesidades de recursos humanos, con asignación presupuestaria, que deban proveerse mediante la incorporación de personal de nuevo ingreso serán objeto de la Oferta de empleo público, o a través de otro instrumento similar de gestión de la provisión de las necesidades de personal, lo que comportará la obligación de convocar los correspondientes procesos selectivos para las plazas comprometidas (...)"

Considerando que a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no seu artigo 91, establece que as Corporacións Locais formularán a súa Oferta de Emprego de Persoal, axustándose aos criterios fixados na normativa estatal.

Considerando o disposto na Lei 22/2021, de 28 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2022 que regula no seu artigo 20 a Oferta de Emprego Público, contratos e nomeamentos temporais do persoal do sector público e se establecen os límites e requisitos aos que estará suxeita a incorporación de novo persoal no sector público.

Considerando que a praza de profesor/a de frauta se atopa vacante no cadro de persoal, estando a súa titular en situación de exedencia por interese particular, non tendo por tanto dereito a reserva do posto

Tendo en conta que as prazas vacantes que figuran no cadro de persoal desta Corporación son as seguintes:

Código do documento USG16I02Q5	Código do expediente USG/2022/141
Código de Verificación Electrónica (COVE)  5N65 591A 0X5D 0K13 0RYB	

ORZAMENTO 2021 CADRO DE PERSOAL	Cubertas	Vacantes	Observacións
FUNCIONARIOS HABILITACIÓN ESTATAL			
Secretaria/o xeral	A1	1	0
Interventor/a	A1	1	0
Tesoureira/o	A1	1	0 Comisión de servizos
FUNCIONARIOS - ADMINISTRACIÓN XERAL			
Técnicas/os de administración xeral	A1	2	1 OPE 2019
Técnicas/os de xestión de administración xeral	A2	1	0
Administrativas/os - Técnicas/os de xestión de administración xeral	C1 / A2	4	0 Promoción interna
Administrativas/os	C1	9	1
Auxiliares de administración xeral - Administrativas/os	C2 / C1	19	0 Promoción interna
Auxiliares de administración xeral	C2	0	7 2 OPE 2020
Subalternas/os - Auxiliares de administración xeral	AP / C2	10	0 Promoción interna
Subalternas/os	AP	0	3 3 OPE 2020
FUNCIONARIOS - ADMINISTRACIÓN ESPECIAL			
SUBESCALA TÉCNICA - Clase técnica superior			
Arquitecta/o	A1	1	1
Arquiveira/o-Bibliotecaria/o	A1	1	0
Asesor/a xurídica/o	A1	1	0
Enxeñeira/o camiños	A1	0	1 Mobilitade entre administracións
Enxeñeira/o industrial	A1	0	1 OPE 2020
Historiador/a	A1	1	0
Pedagoga/o	A1	3	0
Psicóloga/o	A1	2	0
Técnica/o cultura	A1	1	0
Técnica/o deportes	A1	1	0
Técnica/o sanidade e asuntos sociais	A1	1	0
Técnica/o urbanismo	A1	0	1 OPE 2019
SUBESCALA TÉCNICA - Clase técnica media			
Animador/a servizos sociais	A2	1	0
Arquitecta/o técnico	A2	1	1
Axente emprego	A2	0	1
Bibliotecaria/o	A2	1	0
Educador/a social	A2	0	1
Enxeñeira/o técnica/o agrícola	A2	0	1
Mediador/a social	A2	0	1
Técnica/o normalización lingüística	A2	1	0

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento USG16I02Q5	Código do expediente USG/2022/141
Código de Verificación Electrónica (COVE)  5N65 591A 0X5D 0K13 0RYB	

Técnica/o orientación	A2	0	1	
Técnica/o promoción económica	A2	1	0	
Técnica/o xestión económica	A2	1	0	
Técnica/o xestión informática	A2	1	0	
Traballador/a social	A2	3	1	OPE 2018
SUBESCALA TÉCNICA - Clase técnica auxiliar				
Técnica/o auxiliar informática	C1	1	0	
Técnica/o xuventude	C1	1	0	
Auxiliar delineación	C2	1	0	
SUBESCALA SERVICIOS ESPECIAIS - Clase policía local				
Inspector/a principal	A2	0	1	
Inspector/a	A2	1	0	
Oficial	C1	3	3	
Policía	C1	20	5	1 OPE 2020 1 OPE 2019 3 excedencia prestazón servizos en SP
SUBESCALA SERVICIOS ESPECIAIS - Clase persoal oficios				
Auxiliar biblioteca	C2	1	0	
Auxiliar Protección Civil	C2	0	3	
Oficial especialista	C2	1	1	
Conserxe colexio	AP	0	1	OPE 2018
FUNCIONARIOS (ADM. ESPECIAL) / PERSONAL LABORAL FIJO (PROCESO DE FUNCIONARIZACIÓN)				
SUBESCALA TÉCNICA - Clase técnicas/ superiores / GRUPO I -a				
Asesor/a xurídico	A1 / I-a	2	0	Funcionarización
Axente desenvolvemento local	A1 / I-a	1	0	Funcionarización
Pedagoga/o	A1 / I-a	2	0	Funcionarización
Psicóloga/o	A1 / I-a	1	0	Funcionarización
Técnica/o inserción laboral	A1 / I-a	1	0	Funcionarización
SUBESCALA TÉCNICA - Clase técnicas/os medios / GRUPO I -b				
Educador/a social	A2 / I-b	3	0	Funcionarización
Técnica/o coordinación formación	A2 / I-b	1	0	Funcionarización
SUBESCALA TÉCNICA - Clase técnicos auxiliares / GRUPO III				
Técnica/o animación socio-cultural	C1 / III	1	0	Funcionarización
SUBESCALA SERVICIOS ESPECIAIS / GRUPO IV				
Animador/a cultural	C2 / IV	1	0	Funcionarización
Auxiliar Protección Civil	C2 / IV	1	0	Funcionarización
Monitor/a taller	C2 / IV	1	0	Funcionarización
SUBESCALA SERVICIOS ESPECIAIS / GRUPO V				

C.I.F.P-1503100-H



Código do documento	Código do expediente
USG16I02Q5	USG/2022/141
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	5N65 591A 0X5D 0K13 0RYB

Asistente/a domicilio	AP / V	2	2	Funcionarización
PERSOAL LABORAL				
GRUPO I-a				
Profesor/a Canto	I-a	1	0	
Profesor/a Cello	I-a	1	0	
Profesor/a Clarinete	I-a	1	0	
Profesor/a Composición	I-a	1	0	
Profesor/a Frauta	I-a	0	1	Excedencia
Profesor/a Guitarra	I-a	2	0	
Profesor/a Piano	I-a	4	0	
Profesor/a Piano/Acordeón	I-a	1	0	
Profesor/a Saxofón	I-a	1	0	
Profesor/a Trompeta	I-a	1	0	
Profesor/a Violín	I-a	1	0	
GRUPO I-a / I-b				
Profesor/a Percusión	I-a / I-b	0	1	
GRUPO I-b				
Profesor/a Violín	I-b	1	0	
SUBSCALEA SERVIZOS ESPECIAIS / GRUPO III				
Locutor/a	III	1	1	
GRUPO IV				
Técnica/o son - Locutor	IV	0	1	
PERSOAL EVENTUAL				
Asesor/a técnico/a	C1	1	2	
Secretario/a de alcaldía e grupo de governo	C1	2	0	
	TOTAL	135	45	
		Total:	180	

C.I.F. P-1503100-H

Promoción interna. As prazas ocupadas por funcionarias/os que superen o proceso de promoción interna (Plan emprego 2016-2019), transformaranse en prazas de funcionarias/os do grupo ao que promocionan. As prazas ocupadas por funcionarias/os que non superen o proceso de promoción, continuarán como as prazas que ocupan

Funcionarización. As prazas ocupadas por persoal laboral fixo que superen o proceso de funcionarización (Plan emprego 2016-2019), transformaranse en prazas de funcionarias/os. As prazas ocupadas por persoal laboral fixo que non superen o proceso de funcionarización (Plan emprego 2016-2019), continuarán como prazas de persoal laboral fixo (a extinguir).

Considerando, neste caso, a urgencia do procedemento en base ao disposto no artigo 33 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, posto que se dan razóns de interese público para a súa declaración, como son a obriga de dar servizo aos usuarios do conservatorio municipal, e por tanto a un servizo dun sector prioritario como é o ensimo, dando cumprimento ademáis á recomendación do Valedor do pobo, todo elo tendo en conta a imposibilidade de contratar persoal de xeito temporal derivada do cumprimento do artigo 15.3 do ET (obriga adquirida mediante resolución Mediante resolución da Concelleira de seguridade cidadá e persoal de data 10/05/2022).

Código do documento	Código do expediente
USG16I02Q5	USG/2022/141
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 5N65 591A 0X5D 0K13 0RYB	

Considerando que a obriga da convocatoria do proceso selectivo devén da resolución da concelleira de seguridade cidadá e persoal de data 10/05/2022, ao abeiro do disposto no artigo 15.3 do ET, e que o seu incumprimento suporía un fraude de lei.

Considerando que esta proposta foi negociada na Mesa xeral de negociación en data 10/08/2021 (documento UPO16I01LL).

De conformidade co artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, corresponde á Xunta de Goberno Local a aprobación da Oferta de Emprego Público.

De acordo cos antecedentes e consideracións expostos, **PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:**

PRIMEIRO.- Aprobar unha oferta de emprego público complementaria para o ano 2021, na que se inclúa a seguinte praza:

Denominación praza	Tipo de vínculo xurídico	Grupo	Número prazas ofertadas	Observacións
Profesor/a frauta	Persoal laboral	I-a/I-b	1	

SEGUNDO.- Declarar o procedemento de urxencia ao abeiro do disposto no artigo 33 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, polas consideracións expostas neste informe-proposta.”

Aberta a quenda de intervencións a proposta queda sobre a mesa á vista do establecido no artigo 172.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, co fin de que se incorpore informe do xefe da dependencia que motiva a incorporación da praza na OEP complementaria (xefe de servizo de Cultura e Educación).

4.- DACIÓN DE CONTA.

4.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNNS. PUBLICACIÓNNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións.

Publicacións:

- Anuncio do 19 de xullo de 2022, do Concello de Culleredo, de requerimento de xestión da biomasa (expediente UME/2022/256). DOG núm. 152 do 10-08-2022.
- Orde do 21 de xullo de 2022, da Consellería de Sanidade, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas aditivas promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria (código de procedemento SA463G). DOG núm. 153 do 11-08-2022.
- Anuncio do 5 de agosto de 2022, do Concello de Culleredo, relativo á convocatoria e bases reguladoras para a cobertura en propiedade dunha praza de enxeñeira/o industrial de administración especial, subescala técnica, persoal funcionario de carreira. BOP núm. 152 do 11-08-2022.

4.2.- RESOLUCIÓNNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLARÍAS DELEGADAS.

Código do documento	Código do expediente
USG16I02Q5	USG/2022/141
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	5N65 591A 0X5D 0K13 0RYB

4.2.1.- O Sr. Liñares Gestal dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da Concellería delegada da ÁREA de Medio Ambiente, Obras e Servizos:

“

- Resolución número CUL/RES/1461/2022 de data do 08/08/2022 pola que se toma razón do cambio de titularidade da licenza da pasaxe con horario laboral núm. 7, situada na R/ Tierno Galván, núm. 8, Acea De Ama, parroquia do Burgo, á favor de D.^a J. M. C., e se da de baixa con efectos do ano 2023, a licenza municipal número 07 de reserva de espazo de entrada e saída de vehículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública para aparcadoiro exclusivo de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase, con reserva con horario laboral, pertencente ao local situado na R/ Tierno Galván, núm. 8, de Acea De Ama – O Burgo, deste termo municipal, por non precisala.
- Resolución número CUL/RES/1448/2022 de data do 08/08/2022 pola que se autoriza o uso especial por UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD, S.A. dos terreos de dominio público municipal afectados para a canalización prevista na solicitude para "SUBSTITUCIÓN DE LIÑA AÉREA E APOIO DE BAIXA TENSIÓN, na R/ Eladio de la Iglesia Doldán, parroquia de Almeiras.
- Resolución número CUL/RES/1447/2022 de data do 08/08/2022 pola que se autoriza o uso especial por NEDGIA GALICIA, SA dos terreos de dominio público municipal afectados para a canalización prevista na solicitude, para "ACOMETIDA DIRECTA A REDE DE GAS NATURAL", nunha parcela situada en Almeiras, Culleredo.
- Resolución número CUL/RES/1446/2022 de data do 08/08/2022 pola que se autoriza o uso especial por UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD, S.A. dos terreos de dominio público municipal afectados para a canalización prevista na solicitude, para RBTS DE LONXITUDE 6M EN VIGOVIDÍN, da parroquia de Almeiras (r.catastral 1552116NH5915S).
- Resolución número CUL/RES/1449/2022 de data do 08/08/2022 pola que se autoriza o uso especial por UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD, S.A. dos terreos de dominio público municipal afectados para a canalización prevista na solicitude, para REFORZO DE REDE AEREA DE BAIXA TENSIÓN NO LUGAR DE AIAN, da parroquia de CULLEREDO.
- Resolución número CUL/RES/1450/2022 de data do 08/08/2022 pola que se autoriza o uso especial por UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD, S.A. dos terreos de dominio público municipal afectados para a canalización prevista na solicitude, para SUBMINISTRO ELECTRICO A VIVENDA UNIFAMILIAR RBTS EN ALMEIRAS POLIGONO 6 PARCELA 326, Culleredo.
- Resolución número CUL/RES/1451/2022 de data do 08/08/2022 pola que se autoriza o uso especial por UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD, S.A. dos terreos de dominio público municipal afectados para a canalización prevista na solicitude, SUBMINISTRO ELECTRICO RBTS VIVENDA UNIFAMILIAR EN RUA REGUEIRO (R.C. 0058128NH5905N), Rutis – Culleredo.
- Resolución número CUL/RES/1451/2022 de data do 08/08/2022 pola que se autoriza o uso especial por UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD, S.A. dos terreos de dominio público municipal afectados para a canalización prevista na solicitude, para SUBMINISTRO ELECTRICO RBTS VIVENDA UNIFAMILIAR EN RUA REGUEIRO (R.C. 0058128NH5905N), Rutis – Culleredo.
- Resolución número CUL/RES/1452/2022 de data do 08/08/2022 pola que se autorizar o uso especial por UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD, S.A. dos terreos de dominio público municipal afectados para a canalización prevista na solicitude, para SUBMINISTRO EN VIVENDA SITUADA EN FORNOS 16 (R.C. 15031A04100304), da parroquia de Sueiro.
- Resolución número CUL/RES/1453/2022 de data do 08/08/2022 pola que se autoriza o uso especial por NEDGIA GALICIA, SA dos terreos de dominio público municipal afectados para a canalización prevista na

C.I.F. P-1503100-H



CULLEREDO
CONCELLO

(R.E.L. 01150315)

Código do documento	Código do expediente
USG16I02Q5	USG/2022/141
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	5N65 591A 0X5D 0K13 0RYB

solicitud, para ACOMETIDA SUBMINISTRO GAS NATURAL VIVENDA UNIFAMILIAR situada en R/ Regueiro 21, da parroquia de Rutis.

- Resolución número CUL/RES/1454/2022 de data do 08/08/2022 pola que se autoriza o uso especial por TELEFONICA DE ESPAÑA, SA dos terreos de dominio público municipal afectados para a canalización prevista na solicitud, para INSTALACION DE TRES POSTES DE MADEIRA PARA SUBMINISTRO REDE TELEFONIA A VIVENDA UNIFAMILIAR situada en Peiro de Arriba nº 97, parcela 15031A06400356, da parroquia de Celas.
- Resolución número CUL/RES/1455/2022 de data do 08/08/2022 pola que se autoriza o uso especial por R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA, S.A. dos terreos de dominio público municipal afectados para a canalización prevista na solicitud, para CANALIZACIÓN SUBTERRANEA DE TELECOMUNICACIONES 110,5 M, no lugar de Valiñas, da parroquia de Sueiro.
- Resolución número CUL/RES/1456/2022 de data do 08/08/2022 pola que se autoriza o uso especial por R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA, S.A. dos terreos de dominio público municipal afectados para a canalización prevista na solicitud para a EXECUCIÓN DE 63,60 ml DE CANALIZACION DE TELECOMUNICACIONES NO CASAL TRAMO 1, no lugar de O Casal, da parroquia de Sésamo.
- Resolución número CUL/RES/1457/2022 de data do 08/08/2022 pola que se autoriza o uso especial por UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD, S.A. dos terreos de dominio público municipal afectados para a canalización prevista na solicitud para a SUBMINISTRO ELÉCTRICO RBTS A NAVE SITUADA EN ALVEDRO Nº3, na parroquia de Almeiras.
- Resolución número CUL/RES/1458/2022 de data do 08/08/2022 pola que se autoriza o uso especial por UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD, S.A. dos terreos de dominio público municipal afectados para a canalización prevista na solicitud para PROVISIÓN DE SERVIZO RBTS PARA NAVE, situada no CLT, na parroquia de Ledoño.
- Resolución número CUL/RES/1459/2022 de data do 08/08/2022 pola que se autoriza o uso especial por UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD, S.A. dos terreos de dominio público municipal afectados para a canalización prevista na solicitud, para a SUBMINISTRO ELECTRICO EN RBTS NAVE ALVEDRO, na parroquia de ALMEIRAS.
- Resolución número CUL/RES/1460/2022 de data do 08/08/2022 pola que se autoriza o uso especial por GAS NATURAL REDES GLP, S.A. dos terreos de dominio público municipal afectados para a canalización prevista na solicitud para CATA DE 3,00 X 1,00M PARA MANTEMENTO REDE GAS EXISTENTE na R/ Joaquín Sorolla, no Parque Empresarial de Alvedro, da parroquia de Almeiras.
- Resolución de data do 10/08/2022 pola que se autoriza o uso especial por GAS NATURAL REDES GLP, S.A. dos terreos de dominio público municipal afectados para a canalización prevista na solicitud para DUAS CATAS DE 3 X3 M PARA OBRAS DE MANTEMENTO DA REDE DE GAS, na Rúa C, do PE de Alvedro, da parroquia de Almeiras.
- Resolución de data do 10/08/2022 pola que se autoriza o uso especial por LYNTIA NETWOKS, S.A.U. dos terreos de dominio público municipal afectados para a canalización prevista na solicitud, CANALIZACION DE FIBRA OPTICA , na rúa Felipe Mínguez Serrano, nº 25, no CLT , da parroquia de Ledoño.
- Resolución de data do 11/08/2022 pola que se concede a licenza municipal núm. 440 para uso especial de dominio público, para reserva de espazo de entrada e saída de vehículos (modalidade Reserva Permanente as 24 horas), para o local situado na R/ Dereitos Humanos núm. 5, baixo B, á D. J. P. P. L., e coas seguintes condicións: a. A reserva de espazo para a entrada e saída é de 3 ml. b. A superficie do local é de 64 m2 . c. O local conta con 3 prazas de aparcadoiro .”

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG16I02Q5	USG/2022/141
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	5N65 591A 0X5D 0K13 0RYB

5.- ASUNTOS URXENTES

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

Sen máis asuntos que tratar o Sr. alcalde-presidente levanta a sesión, sendo as dez horas e trinta e nove minutos do expresado día "ut supra".

Autorízase a presente acta coa sinatura dixital do alcalde e da secretaria, que dá fe, que se someterá a aprobación na vindeira sesión ordinaria que se celebre do mesmo órgano a expensas do que resulte da correspondente aprobación.

Visto e prace

O alcalde

(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)